

**RESOLUCIÓN DO 18 DE NOVEMBRO DE 2019 DO TRIBUNAL DESIGNADO PARA XULGAR O PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO E INGRESO NOS CORPOS DA POLICÍA LOCAL DE GALICIA, ESCALA BÁSICA, CATEGORÍA DE POLICÍA, QUENDA DE ACCESO LIBRE, CONVOCADO POLA ORDE DO 31 DE MAIO DE 2019 (DOG NÚM. 115, DO 19 DE XUÑO) POLA QUE SE LLE DA PUBLICIDADE A DIVERSOS ACORDOS.**

Na sesión que tivo lugar o día 18 de novembro, o tribunal nomeado pola Orde do 30 de setembro de 2019 (DOG núm. 195, do 14 de outubro), adoptou os seguintes acordos:

**Primeiro.**- As probas físicas levaranse a cabo o día 24 de novembro no Centro Galego de Tecnificación deportiva sito na Rúa Padre Fernando Olmedo, 1, 36002 (Pontevedra), e comezarán logo do remate do chamamento dos/as opositores/as. Non se permitirá o acceso as instalacións a quen non pertenza ao proceso selectivo, como persoal colaborador, membros do tribunal ou persoal opositor, por razóns de seguridade e operatividade.

Recórdase que, en Resolución do 22 de outubro de 2019, este Tribunal acordou que para a realización do terceiro exercicio (probas de aptitude física) serán convocados os 350 primeiros/as aspirantes que resulten aprobados/as na proba de avaliación de coñecementos. Despois de facer a corrección, existe empate no posto 350, polo que o último aspirante convocado á realización do terceiro exercicio é o que ocupa o posto número 359 da listaxe incluída no Anexo I.

**Segundo.**- Antes de comezar as probas, as persoas opositoras entregarán ao tribunal un informe sobre o estado de saúde no que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos, o que non excluírá as comprobacións posteriores.

Este informe sobre o estado de saúde deberá ser expedido dentro dos 15 días inmediatamente anteriores á data de finalización da primeira proba de aptitude física, polo tanto a data de expedición válida será do 9 de novembro de 2019 ou posterior.

A non presentación deste documento suporá a exclusión da persoa aspirante do proceso selectivo.

O persoal opositor deberá comparecer ademais provisto do Documento Nacional de Identidade ou calquera outro documento legal que o substitúa.

**Terceiro.-** De conformidade co disposto nas bases da convocatoria (anexo 4, apartado 3.2) nas probas de resistencia xeral (carreira de 1.000 metros lisos) e natación (25 metros estilo libre) dispónse dunha soa posibilidade de execución; no resto permitirase unha segunda realización cando na primeira non se obteña a cualificación de apto. Este segundo intento poderá realizarse unha vez finalicen o primeiro intento todos os aspirantes do mesmo grupo do chamamento. En todo caso, respectarase un tempo mínimo de descanso de 5 minutos dende a primeira execución.

Na proba de velocidade (carreira de 50 metros lisos) se algún aspirante realiza unha saída nula resultará non apto e terá dereito a un novo intento, pero isto non provocará a repetición da proba para os restantes aspirantes da mesma tanda que non incorreran en saída nula.

**Cuarto.-** De conformidade co disposto nas bases da convocatoria (anexo 4, apartado 3.2) as persoas aspirantes deberán presentarse á realización das probas coa roupa e co calzado deportivos que consideren adecuados, que xa a traerán posta no momento do chamamento.


A comprobación da estatura, exercicio de barra e o de salto levaranse a cabo en espazo pechado.

As carreiras de 50 e 1000 metros serán públicas, ao levarse a cabo en pista ao aire libre, serán controladas a través do sistema "foto finish".

Para a proba de natación as persoas aspirantes utilizarán traxes de baño (que achegarán elas mesmas) e do modelo que desexen. Queda prohibida a utilización de traxes de neopreno ou similares e axudas para a flotabilidade e/ou o incremento da velocidade de calquera tipo.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2019

O presidente do Tribunal

A handwritten signature in blue ink, consisting of several fluid, overlapping strokes that are difficult to decipher as specific letters.

Alejandro Tuero Gonzalez